



Expediente 9.176-335

INFORME-PROPOSTA

CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público
- RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de abril de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de xestión de diversos traballos técnicos, equipamentos e infraestruturas básicas necesarias para a produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 19 de abril de 2022 redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 867.122,86 euros, sendo o valor estimado do contrato de 1.450.361,51 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2022.

O orzamento desglosado para cada LOTE:

- Lote 1: 202.655,56 €, sendo o importe correspondente ao ive de 35.171,63 €
- Lote 2: 143.503,81 €, sendo o importe correspondente ao ive de 24.905,62 €
- Lote 3: 438.003,83 €, sendo o importe correspondente ao ive de 76.017,19 €

- Lote 4: 49.266 €, sendo o importe correspondente ao iva de 0 €
- Lote 5: 33.693,66 €, sendo o importe correspondente ao iva de 5.847,66 €

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 784693,67 € (90,49% para o ano 2022)
- 82429,19 € (9,51% para o ano 2023)

A distribución por anualidades (con IVE) de cada LOTE é a seguinte:

LOTE 1

- 168204,11 € (83% de 202655,56 €) para o ano 2022 (20 eventos Tipoloxía I e 4 eventos Tipoloxía II)
- 34451,45 € (17% de 202655,56 €) para o ano 2023 (6 eventos Tipoloxía I)

LOTE 2

- 100452,67 € (70% de 143503,81 €) para o ano 2022 (1 Tipoloxía I e 2 Tipoloxía II)
- 43051,143 € (30% de 143503,81 €) para o ano 2023 (2 Tipoloxía II)

LOTE 3

- 438003,83 € (100%) para o ano 2022

LOTE 4

- 44339,40 € (90% de 49266,00) para o ano 2022 (25 eventos)
- 4926,60 € (10% de 49266,00) para o ano 2023 (2 eventos)

LOTE 5

- 33693,66 € (100% de 33693,66 €) para o ano 2022

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

II.- O anuncio de licitación publicouse no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante o 26 de abril de 2022.

III.- Aberto o prazo de presentación de proposicións, detectouse un erro no punto 11.2 da memoria xustificativa e, consecuentemente, no apartado 7B “CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA” do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da potestade de corrixir de oficio os erros materiais ou aritméticos

A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa detectouse un erro aritmético no punto 11.2 da memoria xustificativa que se trasladou ao apartado 7B “CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA” do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares,



Expediente 9.176-335

concretamente na fórmula para valorar a redución dos prezos unitarios de cada un dos lotes:

O prego establece no citado apartado, para cada un dos 5 lotes, que para valorar a redución dos prezos unitarios se dará "a máxima puntuación ao licitador que oferte unha maior porcentaxe de desconto e o resto valorarase proporcionalmente" pero, tras indicar como se vai calcular esa porcentaxe de baixa, contempla a seguinte fórmula:

- Lote 1:

$$P = \frac{49 \times \text{menor porcentaxe de baixa}}{\text{porcentaxe de baixa ofertado}}$$

- Lotes 2, 3, 4 e 5:

$$P = \frac{45 \times \text{menor porcentaxe de baixa}}{\text{porcentaxe de baixa ofertado}}$$

A aplicación deste fórmula arrojaría un resultado totalmente contrario ao pretendido, posto que a maior puntuación levaría a oferta que formulase unha menor porcentaxe de desconto, co que carecería totalmente de lóxica. En consecuencia, a fórmula debería ser a seguinte:

- Lote 1:

$$P = \frac{49 \times \text{porcentaxe de baixa ofertado}}{\text{maior porcentaxe de baixa}}$$

- Lotes 2, 3, 4 e 5:

$$P = \frac{45 \times \text{porcentaxe de baixa ofertado}}{\text{maior porcentaxe de baixa}}$$

-II-

Da ampliación dos prazos de presentación de ofertas

O artigo 136.2 da LCSP establece a obriga dos órganos de contratación de ampliar o prazo inicial de presentación de ofertas en dous supostos:

- Cando por calquera razón os servizos dependentes do órgano de contratación non atendesen o requirimento de información que o interesado formulase coa debida antelación consonte ó previsto no artigo 138 da LCSP.
- No caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación.

E determina que se considera modificación significativa dos pregos. Esta será a que afecte os seguintes extremos:

- A clasificación requirida
- O importe e o prazo do contrato
- As obrigas do adxudicatario
- O cambio ou a variación do obxecto do contrato

E con relación coa duración da prórroga determina que esta será proporcional á importancia da información solicitada polo interesado.

-III-

Natureza non significativa da modificación e improcedencia da ampliación do prazo

No caso que nos ocupa a modificación do prego de cláusulas administrativas particulares por mor do erro artimético detectado non é significativa dado que o propio prego explica con detalle a forma na que se van valorar as ofertas atribuíndo, como non pode ser doutro xeito, a máxima puntuación ao licitador que oferte unha maior porcentaxe de desconto, polo que non debería ofrecer confusión a ningún potencial licitador.

Dada a escasa importancia do erro e tendo en conta que o prazo de presentación de ofertas se iniciou hai só dous días e non se formulou ningunha aclaración nin ningunha proposición, non se considera preciso ampliar o citado prazo.

-IV-

Competencia

Fundamentada a natureza non significativa da modificación, a competencia para aprobar a corrección de erros correspóndelle á concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, por acordo da Xunta de Goberno local de data 12 de marzo de 2021 (*“Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación”*).

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En base ao anterior, propónse á concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, a adopción da seguinte resolución:

“1º.- Rectificar a redacción da fórmula recollida no punto 1.- “Redución dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC para este lote” do apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares do servizo de produción técnica



Expediente 9.176-335

de soporte dos espectáculos e actividades do programa "VIGO EN FESTAS", para os 5 lotes, que quedará redactada como segue:

Onde di:

- Lote 1:

$$P = \frac{49 \times \text{menor porcentaxe de baixa}}{\text{porcentaxe de baixa ofertado}}$$

- Lotes 2, 3, 4 e 5:

$$P = \frac{45 \times \text{menor porcentaxe de baixa}}{\text{porcentaxe de baixa ofertado}}$$

Debe dicir:

- Lote 1:

$$P = \frac{49 \times \text{porcentaxe de baixa ofertado}}{\text{maior porcentaxe de baixa}}$$

- Lotes 2, 3, 4 e 5:

$$P = \frac{45 \times \text{porcentaxe de baixa ofertado}}{\text{maior porcentaxe de baixa}}$$

2º.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e, no suposto de que se tivera presentado algunha oferta requirirase aos licitadores para que manifesten se manteñen a oferta presentada ou a retiran para presentar unha nova".

A técnica de Administración xeral (sinatura dixital)

A xefa do Servizo de Contratación (sinatura dixital)

Enténdese que a fundamentación xurídica do informe proposta, ao estar xustificada a necesidade de modificación non significativa, realiza unha interpretación axustada a dereito, sen prexuízo do que resulte do informe da Intervención Xeral

A xefa de Asesoramento, en ausencia da titular da Asesoría Xurídica (sinatura dixital)

Fiscalizado e conforme, o interventor xeral (sinatura dixital)

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE**

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A CONCELLEIRA-DELEGADA DE CONTRATACIÓN (Acordo de delegación competencial de data 12 de marzo de 2021)

Dou fe, A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL